

CIRCULAR 66-2025

XXV CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE PROBAS COMBINADAS MASTER

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza, o 19 e 20 de abril nas pistas da Universidade de Santiago de Compostela, o Campionato Xunta de Galicia de Probas Combinadas Máster.

Art.2).- Poderán participar atletas da categoría Máster con licenza na presente tempada pola FGA.

*Segundo acordo da Asemblea, só poden participar atletas que acrediten, dende o 1 de xaneiro de 2024, rexistros no 40% das probas que compoñan a combinada na que participen e que, dentro de eses rexistros, se acredite marca nun mínimo dunha carreira, un salto e un lanzamento.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata as 20:00 horas do xoves 10 de abril.

- Serán válidas as marcas realizadas nas tempadas 2024 e 2025.

Situacións a referir no campo observacións da inscrición e formato de comunicación:

- Persoas con marca en combinadas, cuxa marca non apareza automaticamente na inscrición:
Décathlon – 4123p – Lugo – 15/05/24
- Persoas sen marca en combinadas: indicar as marcas realizadas de xeito individual nas probas que a compoñen:

Peso – 10.98 – Vigo – 27/06/24
Lonxitude – 5.37 – Ourense – 05/01/25

...

Art.4).- Prazo de comunicación de baixas.

- Rematará ás 14:00 horas do luns 14 de abril e serán remitidas a direcciontecnica@atletismo.gal

Art.5).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.6).- A presentación de artefactos persoais para a súa homologación pechará, cada xornada, 50' antes do comezo da súa combinada.

Art.7).- Os/as atletas deberán pasar por cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto, e deberán saír á pista coa camiseta e o dorsal posto.

Art.8).- Liñas de batida na lonxitude: ata un máximo de 2.

Art.9).- Cadencias nos saltos verticais.

- Comezarse na altura máis baixa das solicitadas polos atletas e que permita a instalación.

Art.10).- Horario: (poderá ser modificado en función das inscricións)

SÁBADO		
HORA	HOMES	MULLERES
16:30	100	
16:50		Valos altos
17:05	Lonxitude	
17:30		Altura
18:05	Peso	
19:00	Altura	Peso
20:10		200
20:20	400	

DOMINGO		
HORA	HOMES	MULLERES
10:00	Valos altos	
10:35	Disco	Lonxitude
11:35	Pértega	
11:50		Xavelina
13:00	Xavelina	
13:30		800
13:50	1500	

Art.11).- Os/As tres primeiros/as atletas clasificados/as de cada categoría recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao podio. No caso contrario, non se fará entrega da medalla.

Art.12).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Establécense as seguintes recargas e penalizacións:

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a direcciontecnica@atletismo.gal para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 10€ por atleta.
- Calquera baixa nas 48 horas previas ao inicio da competición ou a non participación final, levará asociada o cobro da cota de inscrición xunto cunha sanción de 5€ por proba, salvo causa xustificada e acreditada por escrito á FGA a través do correo competicion@atletismo.gal antes de superadas as 48 horas dende o inicio da competición.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.

Art.13).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 23 de marzo do 2025

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo